

# ANATOMÍA DUNHA CAÍDA

# 1206

Justine Triet, 2023

ESTREA EN NUMAX: 13.03.2020 | V.O.S.E. | +18

Sandra, unha escritora alemá, vive co seu marido Samuel e o seu fillo cego, Daniel, nun chalé no medio dos Alpes franceses. Cando Samuel falece en misteriosas circunstancias, a investigación non pode determinar se se trata dun suicidio ou dun homicidio. Sandra é arrestada e xulgada por asasinato, e o proceso pon a súa tumultuosa relación e a súa ambigua personalidade no punto de mira

O filme proxectarase en versión orixinal con subtítulos ao galego grazas ao apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística

«Un thriller dunha verdadeira profundidade psicolóxica e emocional. Unha delicia»

Phil de Semlyen, TIME OUT



## Entrevista con Justine Triet: «Escribín o filme pensando en Sandra Hüller»

Por Florence Almozini

**Este filme podería describirse de moitas maneiras diferentes: un retrato dunha muller complexa, un drama familiar, un asasinato misterioso, un filme xudicial. Cal foi o enfoque orixinal ao escribir o guión? Como se estendeu en tantas direccións?** O que realmente estaba na cerna da película (e o principal atractivo para min) era falar dunha parella: mostrar a dúas persoas que viven xuntas e comparten as súas vidas cun neno. O xuízo e o procesamento do personaxe feminino é para min un pretexto, emprego o filme xudicial para explorar o que está en xogo na parella. Esa idea súxírese co único flashback que hai no filme e que se reproduce en audio durante o xuízo. É o único capricho que me permitín para que o espectador tivese unha única imaxe dispoñible da vida da parella. Dado que o filme é un quebracabezas ao que lle faltan moitas pezas esta secuencia pode servir para proxectar as nosas propias percepcións e comprensións sobre a parella.

**Pódesnos falar sobre como traballaches con Sandra Hüller no desenvolvemento do papel. Escribíchelo especificamente pensando nela? Por que decidiches que falase inglés no filme?** Realmente pensei e escribín a película para Sandra e non tería funcionado se ela non tivese aceptado o papel. Quería que o personaxe fose estranxeiro e quería xogar co uso da linguaxe durante o xuízo e tamén na mente do espectador. Quería que a xulgasen como unha estranxeira, cun problema de idioma: escribe en inglés, é alemá e vive en Francia coa súa parella. Xa tivera unha experiencia marabillosa traballando con Sandra n'O reflexo de Sibyl (2019) pero desde entón traballou intensamente para falar un estupendo francés.

**A maneira cambiante en que sentimos o personaxe principal é, para min, o corazón do filme. Sería doado presentala como unha persoa desagradable, pero aquí vémosla como unha muller talentosa e intransixente a un tempo.** O único que me preguntou Sandra sobre o guión é se o personaxe era culpable ou inocente. Eu díxenlle que non o sabía pero que quería que actuase como se fose inocente. Foi o noso primeiro intercambio concreto sobre a película e coído que a miña resposta non foi do seu agrado. Foi unha situación complicada porque faltaban só dous días para comezar a rodaxe e ela agardaba saber algo sobre o seu personaxe que eu mesma non sabía. Ten unha maneira fascinante de ser extremadamente pragmática. Sandra é moi física, integra o seu corpo en calquera situación. Neste caso emprega o seu corpo dunha maneira moi diferente que, por exemplo, n'A zona de interese (2023) de Jonathan Glazer.

Nun guión sempre hai liñas máis torpes ou incómodas, pero cando Sandra non entende algo é quen de transformalo e levalo ao seu campo. Por exemplo no guión estaba pensado que o seu personaxe chorase en varias escenas e ela resistiuse, non lle parecía ben manipular os demais con bágoas. Tamén recordo un momento conmovedor no que coñece a Milo Machado Graner, o rapaz que interpreta a Daniel. Sentaron un ao carón do outro e nun minuto xa eran como nai e fillo. Foi un milagre porque nin sequera falan o mesmo idioma.

**Todos os personaxes secundarios están plenamente escritos e desenvolvidos e queremos saber máis deles.** Si, esa é unha constante do meu cinema. Desde o inicio do guión comezamos a desenvolver os personaxes que non eran protagonistas pois é habitual no cinema descoidalos. En moito filmes procesais estes personaxes adoitan asociarse a unha función xudicial (xuíz, avogado, policía) e os actores tenden a sobreactuar porque tentan encaixar na función habitual destes personaxes de maneira solemne. Iso é algo que quería evitar. Esforceime moito en desenvolvelos e interesarme por eles como personaxes con entidade propia.